

MEMORIA TEMPORADA 2006

INSTALACIONES CLUB PIRAGÜISMO ILLA DE AROUSA

1. PRESENTACIÓN

Quen somos? o club **Piragüismo Illa de Arousa**, e un club deportivo sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia que practica as seguintes modalidades deportivas.

_Aguas tranquilas en todas as categorías, alevís, infantís, cadetes. senior e veterans.

_Descenso de Ríos.

_Ximnasia de mantemento.

_Aerobic

Domicilio social: Rúa Bao SN , 36626 Illa de Arousa (Pontevedra)
Tlf. 625336324--Fax 986527347
Mail. piraguilla2@hotmail.com
web. www.piraguismoillaarousa.com

XUNTA DIRECTIVA:

PRESIDENTE	D. CARLOS AGRA PAZ
V. PRESIDENTE	D. BENIGNO JULIO PAZ
SECRETARIO	D. ARTURO PAZ DIOS
TESOREIRO	D. DOLORES CORES VAZQUEZ

EQUIPO TÉCNICO DEPORTIVO:

ENTRENADOR XEFE	D. ARTURO PAZ DIOS
MONITOR	D.MANUEL VAZQUEZ DIOS
MONITOR	D MARTA IGLESIAS POUSO



MEMORIA TEMPORADA 2006

Un ano máis conseguimos cumprir unha serie de obxectivos e ilusións marcados e outras quedaronse apiques de se alcanzar.

Este ano tiñamos varios obxectivos:

deportivos competición:

Liga Nacional e Liga Autonómica.

caracter social:

incremento de licencias, de socios, e en xeral de persoas que disfruten das instalacións do club.

Na copa Xunta de Galicia acadamos a quinta posición de cincuenta e nove clubs. Esta posición é o resultado da suma das puntuacións de nove regatas de infantís, mailos mellores resultados acadados en doce das vinte probas realizadas na liga Copa Xunta de Galicia.



OSCAR PRADO E XOAN BAYON BRONCE CAMPEONATO ESPAÑA MARATON

As clasificacións nas diferentes ligas foron:

COPA XUNTA DE GALICIA

- " En infantís 7º
- " Na liga de pista 21º
- " En ríos 1º

XERAL 5 POSTO



XI LIGA DE PISTA

A Liga de Pista empezamos un pouco floxos pero a medida que a temporada avanzou fomos acadando uns resultados excelentes.

Empezou a tempada co control de inverno sobre 5000m o 26/02/06 en Castrelo de Miño (Rivadavia) participaron 13 deportistas deste clube os resultados máis destacados foron o 3º e 4º posto de Oscar Graña e Ramon Ferro no c1 senior, por clubes quedamos no posto 9º

Campionato Galego de Inverno en Rivadavia foi 5/03/06, no que acadamos a posición 18 por clubes. Acudimos a esta competición con 15 palistas e a nivel individual destacaron o 6º posto de Oscar Graña no C1 senior.

Paralelamente a este Campeonato Galego celebrouse o Master para veteranos no cal acadamos un meritorio 10º posto en k1 con Carlos Parada.

A terceira regata foi o Campeonato de España de Inverno 18-19/03/06 celebrado en Ribadavia a onde acudimos con 5 palistas. Rogelio Dios fixo a mellor clasificación individual acadando a 17ª posición no C1 cadete e quedando por clubes no posto 38º.

A cuarta regata foi a Nacional de 1000m 22-23/04/06 en Avilés. A esta proba acudimos con 10 palistas e Por clubes a posición acadada foi o posto 26 o resultado mais destacado foi a 4º posición no c2 senior.

A quinta regata na que participamos neste gran Premio de Pista foi o Campeonato Galego Junior e Cadete 8/07/06 que se celebraría en Ribadavia ó que acudimos con 14 palistas. Os resultados máis destacado foron:

- 3º posto C2 Junior en 1000m
- 2º posto C4 Junior en 500m
- 3º posto K2 Dama cadete en 1000m
- 3º posto K4 Dama cadete en 1000m e en 500m
- 3º posto C2 Cadete 500m



Quedando por clubes clasificados no 7º posto.

A sexta regata a que asistimos foi o C.E.P.J e C. en Ribadavia (Ourense) Acudimos tamén con 12 deportistas conseguindo 2 medallas de bronce en C2 cadete 1000 e 500 m e acadamos un meritorio 13º posto de 79 clubes de toda España.



GRAN PREMIO DE PROMOCIÓN

Tamén como tódolos anos un dos obxectivos principias consistía en mellora-la cantidade e calidade dos infantís e así mesmo a súa clasificación.

A primeira regata foi en Aldán 25/03/06 onde acudimos con 11 palistas debido a que tiñamos algunhas baixas, pero aínda neste caso acadamos un meritorio 8º posto por clubes. O resultado individual máis destacado foi 1º posto de Luis Oubiña no K1 infantil A e o 2º posición no C1 infantil A zurdo de Ruben Bayon



A segunda regata foi en Portonovo o 29/04/06 a que acudimos con 12 palistas acadando a 5º posición por clubes e a nivel individual Luis Oubiña en K1 inf A acadou a 3º posición o igual que o seu compañeiro Ruben Bayon no C1 infantil A zurdo.

A terceira regata celebrábase en Pontevedra no Río Lerez 27/05/06, a que acudimos con 12 palistas quedando por clubes no posto 6º. . O resultado individual máis destacado foi 4º posto de Luis Oubiña no K1 infantil A.

A cuarta regata celebrouse no Grove 24/06/06, e incorporábanse a competición os alevís a esta proba acudimos con 29 deportistas. A posición obtida por clubes foi a 6º posición. A nivel individual Luis Oubiña acadaba en K1 inf A 1º posición, e Ruben Bayon 2º en infantil C1 zurdo.

A quinta regata foi na Serra de Outes 22/07/06 a onde nos desprazamos con 26 deportistas, esta regata coincideu coa Festa do Carmen na Illa polo que moitos deportistas tiñan comida familiar e non asistiron a regata. O posto alcanzado por clubes foi o 10º e individualmente o 3º posto de Ruben Bayon en canoa A zurdo e o 4º posto de Miguel Perez en canoa inf B zurdo, foron os máis destacados.

A sexta regata foi en Miño (Coruña) 5/08/06 Alí fomos con 39 deportistas que conseguiron situar ó clube de novo na 6º posición. A nivel individual só Ruben Bayon conseguiría subir o podium a 2º posición.

A sétima regata sería en Muiños (Ourense) 19/08/06. Desprazámonos con 43 deportistas e acadamos 6º posto por clubes, A nivel individual conseguimos tres medallas Lidia Bayon 3º en infantil B, Angel Fernandez 3º en infantil B C1 zurdo e Ruben Bayon 2º en canoa inf A .

A oitava regata foi en Castrelo de Miño regata de carácter nacional , acudimos con 17 deportistas e por clubes quedamos no posto 12º de 78 clubes de toda España, a nivel individual destacar dous 4º postos de Ruben Bayon e de Luis Oubiña.

A novena e última sería o camp. Galego de infantís celebrado en Vilagarcía de Arousa 17/09/06 A clasificación por clubes foi a 6º e A nivel individual destacou o 2º posto de Angel Fernandez en INFA B canoa zurdo e dous 4º postos de Lidia Bayon e Luis Oubiña.



IX GRAN PREMIO DE RÍOS E TRAVESÍAS

A liga de Ríos e Travesías como nestes últimos anos foi un dos nosos obxectivos principais posto que tiñamos a posibilidade de facer unha mellor clasificación. Consta de 11 regatas coas que finalmente conseguimos quedar 1º posición gañando a liga de Ríos e Travesías 2006. En líneas xerais empezamos a tempada moi froxa, pero a medida que foi avanzando os resultados individuais e colectivos foron mellorando.



A primeira regata competimos con 16 palistas no descenso do Miño de Lugo 28/05/2006 . Por clubes quedamos no 2º posto e as mellores clasificacións individuais foron o 1º posto de Ramon Ferro en C1 senior, 2º posto de Carlos Agra C1 junior e o 2º posto de Rogelio Dios no C1 cadete.

A segunda regata foi o descenso do Miño de Ourense 10/06/2006 a onde desprazamos a 17 palistas. A posición por clubes foi o 3º posto e a título individual o 1º posto de Rogelio Dios C1 cadete e o 3º de Noelia Pouso no K1 dama cadete.

A terceira regata foi o descenso do Umia acudimos en esta ocasión con 12 palistas os demais deportistas estaban competindo en Aranjuez nunca regata nacional O posto por clubes foi 1º sendo a quinta vez que gañamos o descenso do Umia. Tendo como mellor actuación individual o primeiro posto de Ramon Ferro no C1 senior, 2º posto de Carlos Agra no C1 junior, 2º posto de Rogelio Dios no C1 cadete, 3º Dolores Cores no K1 dama señor e 3º Eva Portas no K1 dama cadete.

A cuarta regata foi na Serra de Outes 23/07/2006 .Participamos con 16 palistas e a posición acadada por clubes foi a 5º esta regata coincideu coa festa do Carme na Illa . A nivel individual, gañaban a regata Carlos Agra e Daniel Garcia no c2 junior, Inti Ponce e Estela Ramos en K2 junior e Noelia Pouso e Eva Portas en K2 cadete.

A quinta regata foi en Foz o 25/07/2006 onde acudimos con 15 palistas. A clasificación por clubes foi 2º posto, os resultados máis destacados a nivel individual foron a 1º posición do C2 junior de Carlos Agra e Daniel Garcia, 3º posto de Adrian Perez no C1 junior 2º Inti Ponce e Estela Ramos en K2 cadete e 2º Noelia Pouso e Eva Portas en K2 junior.

A sexta regata foi o descenso do Miño de Tuy 12/08/2006 a que acudimos con 20 palistas a clasificación por clubes foi a 4º e a título individual o . 2º Oscar Graña C1 senior, 1º Estela Ramos e Eva Portas en K2 junior, 3º Inti Ponce e Noelia Pouso no K2 cadete, 3º Rogelio Dios e Juan Bayon no C2 cadete e 3º Miguel Suarez e Angel Rodríguez no K2 cadete.



A séptima regata sería a Copa Presidente en Tuy o 13/08/2006, Desplazamos a esta regata 20 deportistas que situaron o clube no posto 4º da clasificación. A título individual destacar o 2º posto do C4 cadete.

A oitava regata foi o Trofeo Príncipe de Asturias 15/08 onde acudiamos con 20 palistas. Quedamos 4º na clasificación xeral de clubes e a título individual subiron o mais alto do podiun os cadetes en C4.

A novena regata foi a travesía Ria de Betanzos o 20/08/2006 acudimos a esta regata con 18 deportistas, quedando na clasificación xeral de clubes no 2º posto. As mellares clasificacións individuais foron as seguintes:

Genaro Dios e Enrique 3º en k2 senior
Estela Ramos e Eva Portas 1º en K2 cadete
Inti Ponce e Noelia Pouso 1º en K2 junior,
Rogelio Dios e Juan Bayon 1º en C2 cadete,
Oscar Graña 1º en C1 senior
Carlos Agra e Daniel Garcia 2º en c2 junior.

A decima regata foi o descenso do Río Eume 10/09/2006. Acudimos con 13 palistas e a clasificación final por clubes foi a 3º mentras que a nivel individual Rogelio Dios quedaba 2º e Oscar Prado 3º en C1 cadete.

A undécima e última sería o descenso do Río Sil 16/09 a que acudimos con 12 deportistas, era a última regata da tempada por clubes conseguimos o 7º posto e a título individual subiron o podiun Adrian Perez 2º en c1 junior, Oscar Prado 3º en c1 cadete e Eva Portas 3º en K1 dama cadete.





IV LIGA NACIONAL DE PIRAGÜISMO

A liga Nacional de piragüismo Henando Calleja ten un formato similar ó da liga Galega. Esta liga nacional consta de 6 regatas de ríos e travesías, 7 regatas de pista, e 6 de infantís.

Esta liga e un obxectivo principal, pero sin descoidar a liga Galega.

Para a puntuación final collense as seis regatas de infantís e as 9 mellores puntuacións das regatas de Pista e Ríos.

Esta liga foi moi disputada durante todo o ano, pero finalmente acadamos **un excelente 12º posto de 139 clubes que participaron de toda España**, subimos un posto na clasificación xeral, con respecto o ano pasado, a clasificación podía ser mellor si non tivesemos como obxectivo principal a liga Galega.





LIGA NACIONAL DE RÍOS E TRAVESIAS

En esta liga de Ríos acadamos o posto 15 na clasificación final de clubs.

A primeira regata celebrouse en Cordoba 8-9/04/06, a que asistimos con 13 palistas. O mellor resultado individual foi 1º posto en C2 senior de Oscar Graña e Ramon Ferro. por clubs ocupamos o posto 11º.

A segunda regata foi o Campeonato de España de Maratón en Zamora 6-7/05/06 na que participamos con 15 palistas obtendo como mellor clasificación individual o 1º posto C2 senior de Ramón Ferro e Oscar Graña, 1º posto no C2 junior de Carlos Agra e Daniel Garcia e a 3º posición en C2 cadete de Oscar Prado e Juan Bayon, por clubs a clasificación final foi en 10º posición.

A terceira competición foi en Colindres 27/05/06 onde acudíamos con 12 palistas acadando por clubs o posto 11º . como mellor clasificación individual o 1º posto C2 senior de Ramón Ferro e Oscar Graña, e o 2º posto no C2 junior de Carlos Agra e Daniel Garcia.

A cuarta regata celebrouse en Aranjuez 25/06/06 a que acudimos con 6 palistas. Acadamos o posto 18º por clubs e a título individual, Oscar Graña 3º en C1 senior.



A quinta regata sería o Pincipe de Asturias (Pontevedra) 15/08/06 Desplazamos a esta regata a 20 deportistas que situaron en 5º posto o noso clube. A título individual destacar o 1º posto do C4 cadete



LIGA NACIONAL DE PROMOCION

A liga de Promoción Nacional era un dos nosos obxectivos principias o inicio da tempada. As expectativas eran boas, e a medida que avanzaba a campaña cumpríanse ditas expectativas.

A primeira proba faríase en Palma de Mallorca 01/04/06 a que fomos con 11 palistas e acadamos o posto 11º na clasificación xeral de clubes, o palista Ruben Bayon sería o único que subiría o podium no 2º posto da c1 infantil a zurdo.

A segunda regata celebraríase en San Javier (Murcia). Participamos con 12 palistas. A clasificación por clubes foi no posto 14º.

A terceira regata celebraríase en Aviles 11/06/06 Participamos con 13 palistas e quedamos clasificados por clubes no posto 16º

LUIS OUBIÑA 1º INFANTIL EN MIÑO



A cuarta regata de infantís foi en Zamora 30/07/06 a cal acudimos con 15 palistas. O posto por clubes foi o 14º, e Ruben Bayon quedou en segunda posición en C1 infantil A.

A quinta regata foi en Castrelo de Miño, acudimos con 18 deportistas e por clubes quedamos no posto 12º de 78 clubes de toda España, a nivel individual destacar dous 4º postos de Ruben Bayon e de Luis Oubiña.

A sexta e última foi o campeonato de España por clubes en Trasona (Asturias) acudimos a esta regata con 20 deportistas, na clasificación xeral de clubes quedamos en 9 posición, e a nivel individual destacar o 3º posto do C4 infantil B, ademais de ter numerosas finais de primeiros e de segundos.

Quedando clasificados finalmente nesta liga de infantís nun 12º posto.



LIGA NACIONAL DE PISTA

Nesta liga non asistimos a tódalas regatas porque o calendario está moi cargado de competicións e tivemos que escolle-las regatas onde mellor clasificación podíamos acadar.

A primeira regata foi o Campeonato de España de Inverno 18-19/03/06 celebrado en Ribadavia a onde acudimos con 5 palistas. Rogelio Dios fixo a mellor clasificación individual acadando a 17ª posición no C1 cadete e quedando por clubes no posto 38º.

A segunda regata a que acudimos foi a Nacional de 1000m 22-23/04/06 en Avilés. A esta proba acudimos con 10 palistas e Por clubes a posición acadada foi o posto 26 o resultado mais destacado foi a 4º posición no c2 senior.

A terceira regata a que asistimos foi o C.E.P.J e C. en Ribadavia (Ourense) Acudimos tamén con 12 deportistas conseguindo 2 medallas de bronce en C2 cadete 1000 e 500 m e acadamos un meritorio 13º posto de 79 clubes de toda España.

Regatas amistosas as que asistimos:

Trofeo Albariño de infantiles en Cambados acudimos con 54 deportistas, quedamos por clubes en primeira posición e varios dos nosos deportistas conseguiron estar entre os tres primeiros.



PARTICIPACIÓN DE PALISTAS DO CLUBE EN COMPETICIÓNS INTERNACIONALES

Un dos obxectivos do clube a principio da tempada era ter algún deportista participando nalgún dos diferentes campeonatos do mundo. O primeiro paso era entrar a formar parte do equipo nacional e posteriormente ser seleccionado para dito campeonato.

Ramón Ferro e Oscar Graña conseguiron entrar no Equipo Nacional de Maratón un ano máis.

Esta parexa de palistas conseguiron subir o podiun nos dous últimos mundiais en (Noruega e Australia) en terceira posición.



O obxectivo principal este ano era o Mundial de Maratón en Tremolat (Francia), pero antes do mundial asistimos o Copa do Mundo que se celebraría en Zamora.

A competición internacional de Zamora foi a primeira cita internacional do ano e pasamos esta competición con nota alta xa que gañamos a competición.

O campeonato do mundo acudimos con moita ilusión o resultado final foi excelente xa que acadamos a 2ª plaza que daba dereito a medalla de prata, e por conseguinte **proclamándose subcam-**

pions do Mundo de Maraton.

A guinda do pastel puxoa o veterano Arturo Paz que conseguía 1 medalla de ouro en C2 co Zamorano Vienvenido Perez en este mundial de Maratón en Australia.



OBXETIVOS DEPORTIVOS 2006/2007

Este ano o obxectivo é seguir na liña destes últimos anos en infantis tanto na liga autonómica como da Liga Nacional.

Nos maiores o principal obxectivo é mellora-la clasificación nas diferentes ligas autonómicas, e así poder estar entre os 5 mellores da liga copa Xunta de Galicia.

A nivel nacional o ano pasado tivemos unha brillante actuación, quedando no posto 12 na liga nacional, e este ano queremos estar entre os 10 primeiros clubs de España.

Os obxectivos individuais, centranse sobre todo en preparar a participación de Ramón



Ferro e Oscar Graña no mundial de maratón, que este ano se celebra en Hungría e no Europeo que se celebra en Eslovaquia.

Por outra parte tamén intentaremos que algún infantil se integre na selección galega de infantís, e nas diferentes concentracións nacionais.

Un dos obxetivos principais é conseguir que o proxecto de instalación deportiva se realice, buscando a financiación e os permisos pertinentes.

DOLORES CORES 3º DESCENSO UMIA



ENTRENAMIENTO EN CLUB



ROGELIO DIOS 2º DESCENSO UMIA



SALIDA UMIA



ADRIAN 2º DESCENSO SIL



ADRIAN

INTI



OSCAR

NOELIA



PASEANDO POLA MEZQUITA DE CORDOBA DESPOIS DO CAMPEONATO DE ESPAÑA DE MARATON

OSCAR E XOAN 3º MARATON EN ZAMORA



ARTURO, OSCAR E RAMON MEDALLISTAS MUNDIAL DE MARATON EN AUSTRALIA 2005





GASTOS TEMPORADA 2006

CAPITULO I

GASTOS XERAIS

TELEFONO	2.121,27
SEGUROS E IMPOSTOS DE FURGONETAS.....	2.820,00
CUOTA CLUB E LICENCIAS.....	2.500,00
GASTOS OFICINA (gestoria, serigrafia, ordenador portatil).....	1.364,65
FERRETERIA.....	1.037,07
MANTENIMIENTO FURGONETAS.....	5.900,96
MANTENIMIENTO REMOLQUES.....	302,00
SEGURO RESPONSABILIDAD CIVIL.....	276,80
GESTORIA.....	600,00
GASTOS XERAIS.....	16.922,75

CAPITULO II

ACTIVIDAD ORDINARIA

GASTO EN HOSPEDAXE E COMIDAS.....	6.127,77
GASOIL DESPLAZAMIENTO COMPETICIONS	1.450,00
GASOIL DESPLAZAMIENTO ADESTRAMENTOS.....	3.112,90
AUTOPISTA.....	415,00
FARMACIA.....	957,66
TOTAL ACTIVIDAD ORDINARIA.....	12.063,33

CAPITULO III

DOCENCIA E TECNIFICACIÓN

SUELDO ENTRENADOR.....	14.400,00
2 MONITORES 12 MESES.....	5.760,00
SEGURIDAD SOCIAL.....	3.113,16
TOTAL DOCENCIA.....	23.273,16



CAPITULO IV

INVERSIONS

5 K1 ESPERETES DE INICIACION.....	2.450
1 K2 COMPETICION CARBONO.....	1.200
20 TACOS DE CANOA.....	240
PILAS E BOMBAS DE ACHIQUE.....	200
ESPERETES PARA CANOAS ESCOLA DE OFICIOS.....	650
FURGONETA MERCEDES	27.400
FURGONETA CITROEN.....	9.000

TOTAL INVERSIONS.....41.140

TOTAL PRESUPOSTO ANO 2006.....93.399,24



PRESUPOSTO AÑO 2007

CAPITULO I

GASTOS XERAIS

TELEFONO	2.121,27
SEGUROS E IMPOSTOS DE FURGONETAS.....	2.820,00
CUOTA CLUB E LICENCIAS.....	2.500,00
GASTOS OFICINA (gestoria, serigrafia).....	1.464,65
FERRETERIA.....	1.037,07
MANTENIMIENTO FURGONETAS.....	1.900,00
MANTENIMIENTO REMOLQUES.....	302,00
SEGURO RESPONSABILIDAD CIVIL.....	276,80
GESTORIA.....	600,00
GASTOS XERAIS.....	13.021,79

CAPITULO II

ACTIVIDAD ORDINARIA

GASTO EN HOSPEDAXE E COMIDAS.....	6.600,00
GASOIL DESPLAZAMIENTO COMPETICIONS	1.900,00
GASOIL DESPLAZAMIENTO ADESTRAMENTOS.....	3.900,00
AUTOPISTA.....	415,00
FARMACIA.....	1.000,00
MULLER DE LIMPEZA.....	12.656,88
TOTAL ACTIVIDAD ORDINARIA.....	26.471,88

CAPITULO III

DOCENCIA E TECNIFICACIÓN

SUELDO ENTRENADOR.....	14.400,00
2 MONITORES 12 MESES.....	5.760,00
SEGURIDAD SOCIAL.....	3.113,16
ALQUILER MATERIAL ESCOLA DE VERAN DE PIRAGÜISMO.....	2.000,00
TOTAL DOCENCIA.....	25.273,16



CAPITULO IV

INVERSIONS

1 K2 COMPETICION CARBONO.....	1.200
10 TACOS DE CANOA.....	120
INDUMENTARIA CAMISETAS E MALLAS TÉRMICAS	6.000
4 PIRAGUAS DE INICIACION.....	1.600
1 MOTOR PARA LANCHAS.....	3.000
FACER UN REMOLQUE NOVO.....	2.500
TOTAL INVERSIONS.....	14.420

PRESUPOSTO ANO 2007.....79.186,83

PREVISION DE INGRESOS 2007

SOCIOS.....	1.500,00
XECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE.....	4.000,00
LOTERIA DE NAVIDAD.....	1.200,00
LOTERIA PRIMITIVA.....	1.000,00
PUBLICIDAD FURGONETA.....	4.000,00
PREMIOS LIGA AUTONÓMICA.....	2.000,00
PREMIOS LIGA NACIONAL.....	7.000,00
DIPUTACIÓN.....	4.000,00
PATRONATO DEPORTIVO MUNICIPAL.....	12.000,00
CONSELLERIA TRABALLO MULLER DE LIMPEZA.....	12.656,88
CONSELLERIA DE TRABALLO MONITOR.....	16.453,92
CONCELLO VILANOVA DE AROUSA.....	4.000,00
TOTAL PREVISION INGRESOS 2007.....	69.810,80




INGRESOS TEMPORADA 2006

XECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE.....	4.800
DIPUTACION.....	20.800
FUNDACION DEPORTIVA MUNICIPAL.....	12.000
CONCELLO VILANOVA DE AROUSA.....	4.000
ASC. VECIÑOS AS ACEÑAS.....	1.200
PREMIOS LIGA NACIONAL.....	7.000
PREMIOS LIGA AUTONÓMICA.....	1.800
SOCIOS.....	1.500
LOTERIA DE NAVIDAD.....	900
LOTERIA PRIMITIVA.....	900
PUBLICIDAD FURGONETAS.....	2.700
FEXTA DO MEXILON.....	19.600
CONSELLERIA COMUNICACION AUDIOVISUAL (paxina web, compra ordenador).....	900
FUNDACION DEPORTE GALEGO.....	800
TOTAL INGRESOS 2006.....	85.900



Pantone process cyan cvc



Pantone 420 cvc



PROPOSTA CALENDARIO ELECTORAL

14/10/06	ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA <ul style="list-style-type: none">- Convocatoria de eleccións a Asamblea e Presidente- Modificación dos Estatutos, para adaptalos a Orden do 3 de abril de 2.006, da Consellería de Cultura e Deportes- Aprobación do Regulamento Electoral- Aprobación do Calendario Electoral- Nomeamento e constitución da Xunta Electoral- Publicación dos censos electorais provisionais da F.G.P.- Constitución da Comisión Xestora da F.G.P.- Habilitación a Comisión Xestora para modificar o Regulamento ou calendario Electoral, no caso de que a Dirección Xeral para o Deporte sinala deficiencias que deben ser corrixidas.- Apertura do prazo de solicitude de voto por correo
9/11/06	<ul style="list-style-type: none">- Apertura do prazo de reclamacións fronte o censo electoral provisional- Apertura do prazo de presentación de candidaturas a Asamblea Xeral
18/11/06	<ul style="list-style-type: none">- Fin prazo presentación de reclamacións fronte o censo electoral provisional- Fin prazo de presentación de candidaturas a Asamblea Xeral
20/11/06	<ul style="list-style-type: none">- Resolución de reclamacións fronte o censo electoral provisional- Publicación do censo electoral definitivo- Proclamación de candidaturas a Asamblea Xeral. Apertura do prazo de presentación de reclamacións fronte a candidaturas propostas.
22/11/06	<ul style="list-style-type: none">- Fin prazo de presentación de reclamacións fronte as candidaturas a Asamblea.- Resolución de reclamacións fronte a candidaturas presentadas para cubrir-los cargos da Asamblea.
23/11/06	<ul style="list-style-type: none">- Fin prazo solicitude voto por correo- Remisión a Dirección Xeral para o Deporte de listado indicativo das persoas habilitadas para votar por correo.(art. 30.9)- Remisión de certificado autorizando o voto por correo, a aquelas persoas que o houberan solicitado, así como de sobre, papeletas e listado de candidaturas polo estamento o que pertenza o elector de que se trate.
26/11/06	<ul style="list-style-type: none">- Fin prazo votación por correo- Constitución da mesa electoral- Acto público de votación a membros da Asamblea (en horario de 16,00 a 20,00 horas).- Publicación de lista de membros electos para a Asamblea- Apertura do prazo para a presentación de reclamacións fronte os resultados electorais da Asamblea.
28/11/06	<ul style="list-style-type: none">- Fin prazo presentación reclamacións fronte a resultados eleccións a Asamblea.- Resolución de reclamacións fronte a resultados da Asamblea- Convocatoria de Asamblea Xeral Extraordinaria constituyente.
3/12/06	<ul style="list-style-type: none">- Celebración Asamblea Xeral Extraordinaria constituyente- Convocatoria de eleccións a Presidente e Comisión Delegada- Apertura de prazo para a presentación de candidaturas a :<ul style="list-style-type: none">- Presidente da FGP- Comisión Delegada da Asamblea da FGP
11/12/06	<ul style="list-style-type: none">- Fin prazo presentación de candidaturas a Presidente e Comisión Delegada da Asamblea da FGP.- Apertura prazo de presentación de reclamacións fronte a candidaturas a Presidente e Comisión Delegada
13/12/06	<ul style="list-style-type: none">- Fin prazo presentación de reclamacións fronte a candidaturas a Presidente e Comisión Delegada.
15/12/06	<ul style="list-style-type: none">- Resolución de reclamacións presentadas fronte a candidaturas a Presidente e Comisión Delegada- Proclamación definitiva de candidatos os mencionados cargos.
17/12/06	<ul style="list-style-type: none">- Constitución da mesa electoral- Acto de votación a Presidente e Comisión Delegada- Publicación de lista de electos os mencionados cargos- Apertura do prazo para a presentación de reclamacións fronte os resultados electorais das votacións a Presidente e membros da Comisión Delegada.
19/12/06	<ul style="list-style-type: none">- Fin prazo de presentación de reclamacións fronte os resultados electorais das votacións a Presidente e membros da Comisión Delegada.
20/12/06	<ul style="list-style-type: none">- Resolución de reclamacións fronte os resultados electorais das votacións a Presidente e membros da Comisión Delegada.- Proclamación definitiva de candidatos electos- Remisión a Dirección Xeral para o Deporte dos resultados electorais- Disolución da Xunta Electoral.